

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL DE PERSOAL DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E PERSOAL INVESTIGADOR PARA A AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA ATLANTTIC

atlanTTic, beneficiario por resolución do 24 de novembro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das ***Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do SUG, cofinanciadas polo Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020***, convoca a selección de dúas praza cos perfís e requisitos de acceso que se indican no ANEXO I.

Por necesidades sobrevidas do servizo se aplicará o procedemento de tramitación de urxencia previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de persoal para a contratación laboral temporal segundo a relación e características que se especifican no ANEXO I.

2. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os requisitos para a praza convocada é os especificados no ANEXO I desta convocatoria.

3. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será como mínimo de dez días hábiles desde o día seguinte á publicación desta convocatoria na páxina web de atlanTTic (<http://atlanttlic.uvigo.es/gal/unete/>). As solicitudes e demais documentación se presentarán por **correo electrónico a info@atlanttlic.uvigo.es**. **É imprescindible indicar no asunto do correo a referencia da praza solicitada.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a lista provisional de persoas admitidas e excluídas na páxina web de atlanTTic abrindo un prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte da súa publicación para emendar erros o achegar os documentos perceptivos. No caso de que todas as persoas aspirantes figuren admitidas, darase por cumprido este trámite. Transcorrido ese prazo publicarase a resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas.

O/A solicitante deberá acompañar, obrigatoriamente, a seguinte documentación no momento da presentación da solicitude:

- Impreso de solicitude (ANEXO II).
- Carta de presentación.
- Currículum vitae con indicación expresa dos méritos.
- Copia da acreditación da titulación esixida.

A presentación da solicitude leva implícito o coñecemento e aceptación de todas as condicións indicadas nesta convocatoria. Así mesmo, leva implícita a autorización para o tratamento e publicidade necesarios dos datos dos candidatos. De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria, cuxo tratamento e publicación é autorizado polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nos ficheiros da Universidade de Vigo cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercerse mediante o envío dunha comunicación á dirección info@atlanctic.uvigo.es

4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

As solicitudes serán avaliadas en cada caso por una comisión específica que estará composta por tres membros. As Comisións de Selección realizarán a avaliación valorando, de xeito singularizado, os méritos alegados nas solicitudes presentadas, segundo os criterios de valoración específicos. A composición desta comisión e os criterios de valoración figuran no ANEXO I desta convocatoria. En calquera momento do proceso de selección, poderase solicitar ás persoas candidatas a presentación de xustificantes orixinais u outra información adicional relativa aos méritos indicados no currículo vitae.

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes, a proposta da Comisión de selección ditarase a resolución provisional das persoas seleccionadas. Cada Comisión, para elaborar a proposta de resolución da convocatoria de selección ordenará as solicitudes dos aspirantes de maior a menor puntuación, correspondendo a proposta de adxudicación á persoa aspirante con maior puntuación. Dita proposta publicarase na web de atlanTTic (<http://atlanctic.uvigo.es/gal/unete/>).

A Comisión de selección, en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria, poderá declarar deserta de forma motivada a convocatoria de selección convocada.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular alegacións concedéndose un prazo de 5 días hábiles, contados desde el día seguinte á da publicación da proposta provisional.

Vistas ás reclamacións ou transcorrido dito prazo sen que se tivese presentado ningunha, publicaranse os resultados definitivos.